

PEZA DO MES

xaneiro

2017



O MAPA DE FONTÁN

XUNTA DE GALICIA

en Noia ao tempo que el o facía no punto no que se encontrase.

Ao inxente traballo de recollida de datos numéricos e esbozos de campo, engadíase logo a elaboración deles ata convertelos en información sobre o papel. Declarou que «*conocía los 3.600 curatos y cinco catedrales y haber recorrido más de 10.000 pueblos, escuchando las quejas*». Seguramente ninguén coñeceu mellor Galicia.

Coa experiencia de campo contrastada tenta promover algo semellante para toda España e escribe en maio de 1834 unha «*Memoria sobre la formación de los planos topográficos de las provincias y carta del Reino...*» pero sen que lle fixesen caso ningún. É máis, o goberno úrxeo a presentar o seu mapa antes de fin de ano para xustificar o diñeiro entregado en 1829.

Así, o 1 de decembro, é presentada á Raíña rexente unha primeira versión manuscrita –incompleta e apurada– pero que causa excelente impresión. Encárgaselle a súa impresión e é nomeado director do case abandonado Observatorio Astronómico de Madrid e profesor na Universidade de Madrid. En 1974 fíxose unha edición facsimilar deste orixinal, promovida pola «Asociación del Cuerpo de Topógrafos», cun prólogo de Otero Pedrayo.

Pero o mapa finalmente impreso con data de 1845 –non chegou a Galicia ata o verán de 1847– leva numerosas melloras: un pequeno mapa reducido sobre o mar Cantábrico coas triangulacións fundamentais; as novas estradas construídas; os vértices xeodésicos e as altitudes; etc. E inclúe dúas pequenas chiscadelas ao observador. No lugar de «*Porta de Conde*» aclara entre parénteses «*Patria del Autor*», e debaixo de «*Melias (S^a M^a)*» sinala «*Patria del Ilmo Feijó*». Na cartela de autoría, logo da dedicatoria á *Augusta Reina Gobernadora doña María Cristina de Borbón*, identifica o autor, aínda que os dous primeiros datos sexan obsoletos, como «*Director del Observatorio Astronómico de Madrid, Diputado a cortes. Individuo de la Academia de la Historia y de la Sociedad Geográfica de París, exprofesor de Matemáticas sublimes y de mecánica industrial en la ciudad de Santiago*» e engade «*Grabada bajo la dirección del autor en 1845 por L. Bouffard. No se grabó la división de Partidos y Ayuntamientos en razón de su interinidad*». Ao pé aparece á dereita «*Escrit pour L. Bouffard*», á esquerda «*Imprente de Lémércier*» e no medio «*Santiago*».

A obra tivo de ser encargada en París porque ningunha imprenta en España tiña nivel abondo. Para tal efecto, e con anos de atraso por causas alleas, desprazouse xunto cun fillo a París en xaneiro de 1839. A través de Ramón de la Sagra, botánico coruñés que estaba

imprimindo alí a súa «*Historia física y política de la isla de Cuba*» estableceu contacto co gravador Louis Bouffard e coa imprenta de M. Lémércier.

O mapa está elaborado a escala 1:100.000; cada unha das doce follas, mide 58 x 72 cm, polo que o seu tamaño conxunto, montadas as follas, é de 2,16 por 2,32 m.

A primeira, no canto superior esquerdo, leva os datos da autoría; a terceira, no canto superior dereito leva o pequeno mapa guía (*Unión de las doce hojas de la Carta Geométrica de Galicia y su triangulación fundamental. Escala 1/860.000*) e a da esquina inferior esquerda, leva a lenda e a escala. Aparecen trinta e cinco signos convencionais que identifican elementos concretos: pontes de pedra e madeira, pasos de barcas, muíños, fábricas, feiras, etc. A información toponímica inclúe, por primeira vez, as comarcas. A escala é tripla, *Leguas de veinte mil pies divididas en décimos, Millas de sesenta en grado* e como novidade, *Escala en metros*, anos antes de que fose medida oficial.

Da primeira tiraxe chegaron á Coruña en xuño de 1847, 500 exemplares. Tres anos despois, en xuño de 1850, outros 300; e en decembro, 250 máis. En 1850 recuperou Fontán as pranchas e gardounas, inicialmente, en Compostela.

Estas tiraxes oficiais foron monopolizadas polo goberno, quen, receoso da súa exactitude e que fose posible facela con poucos medios, negoulles a condición de mapas oficiais pero, grazas á axuda, de Ramón de la Sagra e os editores franceses, puido dispor duns 96 exemplares «de maneira oficiosa» cos que agasallou as amizades.

A pesar da pouca difusión directa, o mapa tivo unha enorme influencia. Entre 1856 e 1865, Francisco de Coello de Portugal y Quessada, dentro dun proxecto de Estado, o *Atlas de España y sus provincias de ultramar* –complementario ao *Diccionario Geográfico y estadístico de España*, (1846-50) de Pascual Madoz–, publicou as follas correspondentes a Galicia e sinala nunha destacada «ADVERTENCIA» nas catro provincias: «*Todas las situaciones y principales detalles de este mapa se han tomado de la magnífica carta de Galicia de D. Domingo Fontán, habiéndonos limitado a añadir los planos particulares...*».

O Fontán non foi superado ata a publicación do MTN 1:50.000 que se completou en Galicia en 1955. Existe, incluso, unha reprodución por métodos fotográficos, a metade de tamaño, coa inclusión das novas estradas e ferrocarrís existentes en 1917 promovida polo Capitán Xeneral de Galicia, Antero Rubín Homet.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Afonso Vázquez Monxardín-Fernández

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 





XUNTA
DE GALICIA